



BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEAREAS, CELEBRADA O 11 DE XANEIRO DO 2016.-

Casa do Concello, Ponteareas 11 de xaneiro de 2016 baixo a presidencia do Sr. Alcalde don Xosé Represas Giráldez asistidos da secretaria accidental dona Pilar Rodriguez Dominguez, están reunidos os concelleiros dona M^a Jesús Garrote Represas, dona M^a Cristina Fernández Davila, dona Hortensia Bautista Fernández, dona Verónica Carrera Blanco, don Francisco F. Alonso Pedreira, dona Vanesa Fernández Soage, don Benito Marquez Castro, don Mario Lago Moriña, don Manuel Norberto Troncoso Rodríguez, don Salvador González Solla, dona M^a Belén Villar González, don Manuel Alberto Novoa Iglesias, don Jesús Manuel Cao Vila, don Domingo Freitas Dalmeida, don Andrés Sampedro Fernández, don Juan Carlos González Carrera, dona Raquel Bautista Alfaya, don Lino Costas Vila, e dona M^a José González Aparicio, non asistindo dona M^a Soledad Valado Pérez, con obxecto de levar a cabo sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal, convocada previamente para a data e que se celebra en primeira convocatoria. Sendo as 9,35 horas polo Sr. Alcalde iníciase a sesión e de conformidade coa Orde do Día son adoptados os seguintes acordos:

1º) Declaración de urxencia da sesión extraordinaria do Pleno en base ó prazo de remate de presentación de solicitudes respecto do 2º punto da Orde do Día.

-O SR. ALCALDE, sométese a votación a declaración de urxencia da presente sesión extraordinaria en base ao prazo de remate de presentación de solicitudes respecto do 2º punto da Orde do Día.

VOTACION.-Unanimidade a favor dos membros presentes (20 votos a favor, 5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada, 6 PP, 3 ACIP, 1 EU).

Queda aprobada a declaración da urxencia da sesión.-

-O SR. ALCALDE, someto a votación a inclusión na orde do día do 2º punto ao non ser sometido previamente á comisión informativa.-

VOTACION.-Unanimidade a favor dos membros presentes (20 votos a favor, 5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada, 6 PP, 3 ACIP, 1 EU).

Queda aprobado.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

2º) Proposta do Alcalde-Presidente sobre a aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUS) de Ponteareas, solicitar as axudas FEDER no período 2014-2020, con cargo ós POCS (Programa Operativo de Crecemento Sostible) para a implementación da referida estratexía, encomendando á Xunta de Goberno Local a aprobación dos documentos da Estratexia EDUSI de Ponteareas precisos e a presentación da solicitude de axudas FEDER citadas. Crear unha Comisión Especial de seguimento da EDUSI de Ponteareas para o seguimento da estratexia e a selección das operacións a realizar, no caso de que sexan concedidas as ditas axudas.

O SR. ALCALDE, tedes a proposta de acordo, xa na xunta de voceiros celebrada o pasado 7 de xaneiro xa falamos desto. Ten que ver coa publicación no BOP o 17-11-15 da Orde HAP/2427/2015 para a selección de extratexias de desenvolvemento urbano e sostible para concellos de mais de 20.000 habitantes. O prazo de presentación remata o 13 de xaneiro 2016.

A proposta é o teor

“PROPOSTA DO GOBERNO MUNICIPAL AO PLENO DO CONCELLO DE PONTEAREAS

Xosé Represas Giráldez como Alcalde-Presidente e no nome do goberno municipal, presenta a seguinte proposta.

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Boletín Oficial do Estado do 17 de novembro publicou a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aprobaron as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Esta primeira convocatoria, do 70%, do total da axuda FEDER destinada ao eixo urbano dentro do POCS: 730,9 millóns de euros de axuda para todo o Estado, en Galicia 118,7 millóns de euros, para as cidades de máis de 20.000 habitantes. O prazo para a presentación de solicitudes, exclusivamente por vía electrónica, finaliza ó 13 de xaneiro de 2016.

Esta convocatoria é unha oportunidade para Ponteareas no obxectivo de lograr unha cidade saudable, sustentable e inclusiva para toda a cidadanía no horizonte do 2022. Para logralo articularanse actuacións en base a obxectivos, económicos, ambientais, e sociais. Entre outras, poranse en marcha medidas de fomento do emprego, modernizar a administración, mellorar o acceso ás novas tecnoloxías da información, mellorar a eficiencia enerxética, crear programas de promoción da paisaxe cultural e do patrimonio inmaterial e favorecer a inclusión dos colectivos menos favorecidos.

A proposta a presentar suma un orzamento total a executar ata o 2022 de 6.250.000 euros, dos que se solicita axuda FEDER de 5.000.000, o máximo ao



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

que pode optarse, comprometéndose o Concello a aportar 1.250.000 euros no período 2016-2022, segundo o calendario plurianual de execución que se contempla no proxecto

A EDUSI de Ponteareas está articulada en torno aos seguintes obxectivos temáticos

- OT2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
- OT4. ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO
- OT6. PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE
- OT9. INCLUSIÓN SOCIAL E REDUCCIÓN DA POBREZA

Polo anteriormente exposto, propomos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Aprobar a Estrategia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ponteareas encomendando á Xunta de Goberno Local a aprobación dos documentos da referida EDUSI de Ponteareas, en base as liñas de actuacións previstas no documento da EDUSI que se acompaña.
2. Solicitar as axudas FEDER no período 2014-2020, con cargo ao POCS (Programa Operativo de Crecemento Sostible), para a implementación da referida estratexia, encomendando á Xunta de Goberno Local a aprobación dos documentos da Estratexia EDUSI de Ponteareas precisos e a presentación da solicitude das axudas FEDER citadas.
3. Crear unha Comisión Especial de seguimento da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) de Ponteareas. A Comisión terá a mesma composición que a do resto de Comisións Informativas, debendo cada Grupo Municipal designar aos seus representantes na mesma.
4. Comprometerse a que, no caso de que sexan concedidas as axudas FEDER no período 2014-2020, habilitarase o crédito suficiente para financiar as operacións que se selección dentro do Plan de Implementación da EDUSI, cos seguintes importes máximos e a seguinte distribución:
 - Aportación concello: 1.250.000 €
 - Axuda FEDER: 5.000.000 €
 - Total gasto elixible: 6.250.000 €”.-

Proponse encomendar á Xunta de Goberno aprobar o documento da EDUSI, de Ponteareas.

O SR. COSTAS VILA, imos apoiar porque supón unha oportunidade de mellora para o pobo pero votamos en falta que á hora de propor as liñas de actuación se nos tivera en conta; dende o día non tivemos tempo de aportar.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

De todos xeitos voto de confianza á xunta de goberno, e esperamos que cuestións como (o banco de terra municipal, cooperativas, comedor social ou cociña a nivel municipal para abastecer os centros escolares, depuración natural, etc), espero que teñan cabida dentro das liñas extratécnicas a elaborar pola xunta de goberno.

O SR. GONZÁLEZ CARRERA, solicitar ao Alcalde que as cousas se fagan como se deben facer.

Non coincide a orde do día coa proposta enviada. Non imos apoiar cuestións que non sexan claras.

Convocou a xunta de voceiros para o día 7-01-2016, se expuxeron as liñas para solicitar a C. Europea, pero se nos dí premura.

O goberno debe mentalizarse estamos no 2016, levan 6 meses no goberno. Vostedes non se enteraron antes das axudas.

Non se nos pode convocar aos grupos para o día 7 cando antes tiveron reunións cos colectivos, e á aparición na páxina web do concello dunha enquisa, que ten erros. Deben facerse ben as cousas, e sobre todo tratándose dunha páxina municipal.

Nesa reunión se nos expuxeron liñas con erros.

Hai 4 apartados de liñas a solicitar, entendo que estes 4 apartados son suficientes, pero non o é o 28% para redución da pobreza, nos parece pouco. Decirlle que non falamos só da pobreza, falamos do casco vello por exemplo, entre outros.

Alá vostedes cos porcentaxes propostos.

Si imos a dar ese apoio a xunta de goberno, que antes apoiamos ao goberno anterior para que agora o concello estea mais saneado.

Gustaríanos que constase o informe do interventor.

Crear unha comisión informativa especial si, pero para ter en conta a todos os grupos municipais votados polos veciños.

Imos apoiar este proxecto, pero fiscalizaremos os gastos da empresa que vai facer os trámites. Esperamos que a empresa faga un traballo serio, hai erros.

Queremos ter todos os datos o antes posible.

A SRA. GARROTE REPRESAS, con referencia á convocatoria á certo que foi publicada o 18 de novembro, é certo tamén que contactamos coa empresa.

Cando fala dos porcentaxes, é a propia EDUSI os que marca, non nos.

Os estudos pormenorizados, era o que nos condicionaba por moita carencia de documentación.

Unha vez que sí se podía presentar, se vos propón.

Aclarar que son as liñas de actuación que se determinaron en orden as mais favorecidas.

Ao Sr. Costas decirlle que non se trata hoxe de determinar cal é o detalle de cada liña de actuación, ésta se desenvolverá unha vez que veña aprobada; todos as determinaremos logo.

Por parte do PSOE, agradezo o apoio.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. GONZALEZ SOLLA, coincido cos voceiros de ACIP e EU. Claro exemplo de actuación de improvisación do goberno, se nos convoca á reunión e hoxe ao pleno extraordinario e urxente para aprobar a proposta.

Plenos extraordinarios que se celebrán pola mañán cando Vds o criticaban.

Evidencia da súa improvisación. A EDUI publicouse o 17—11-15 no BOP e remata o prazo de solicitude o 15 de xaneiro. Creo tiveron tempo e non vir aquí depreisa e correndo, e non tendo en conta á oposición.

A presentación da iniciativa e grazas aos condicionamentos: o cumprimento das obrigas tributarias, coa Xunta e da seguridade social, débeda que xa está rematándose de pagar.

O concello poderá aportar grazas ao plan de axusta, e no ano 2016 se chegará ao déficit "0", de ahí que se poda acceder a elo. As cantidades mais importantes serán a partir do 2017.

Todo esa posible grazas ao traballo do PP, recoñézaos.

EDUSI substitue ao plan URBAN, a novidade é que inclúe ampliación destas áreas urbanas para concellos de mais de 20.000 habitantes, e a importancia da participación.

Nesta proposta e indispensable a participación cidadá, e dos axentes sociais e institucionais. O documento debe incluír entidades para súa elaboración, e a nosa participación quedou nunha reunión fruto da improvisación de vds.

Mandounos 11 folios pero si entran na páxina da FEGAMP ven a decir o mesmo,co aliciente dos porcentaxes (marcan topes); miren a orde en base ao % do 28%.

Nos fumos os últimos en enterarnos, 1º o fixeron na páxina web.

Queremos saber si van a contratar asistencia externa, por 20.000 euros, xa contratada por Vds nos parece cantidade elevada.

Si a posteriori van a contratar externo,que o diga.

Prescindiui de nos, non é forma de actuar, pero aínda así, por corresponsabilidade, non imos votar en contra.

Pido que aos grupos nos teña en conta.

Non sabemos as liñas concretas, aín así nos gustaria aporta.

Imos absternos.

O SR. ALCALDE, a Sra. Garrote xa lles contestou algunha das cousas.

Ao Sr. Costas decírlle haberá ocasión de estar incluídas as peticións, o detaie é unha vez concedido para desenvolver logo, e nese momento cando a comisión a crear onde participará toda a Corporación.

Dentro deses obxectivos, poderá estar o de EU.

A Orde do Día está correcta, é un resumo da proposta, pero é unha proposta con 4 apartados.

Sobre as reunións previas os prazos dende o 17 de novembro, primeiro tivemos que conseguir un equipo concreto, eso conlevou o retraso, agora xa están os datos a disposición da empresa. Eso provocou non poder facer antes a reunión, polas dúbidas que tiñamos.

Si fose rexeitada, esta serviría como experiencia para unha 2º convocatoria, contando coa corporación e cos axentes sociais.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

Ao Sr. González Carrera, decirlle que sí, que o día 14 de xaneiro xa se lle entregará a cada portavoz unha copia do documento completo.

Sí tendrá informe de intervención que ten que ver co compromiso das aportacións.

Porcentaxes, recollemos a proposta e dentro dos límites máximos, so hai marxe de incrementar o das medidas de emerxencia social, así o faremos.

Esta é a proposta feita a nivel técnico, veremos si se pode aportar un 7% mais nese apartado.

Ao Sr. González Solla, hoxe non é día do debate económico, xa falaremos cando sexa o pleno dos orzamentos municipais.

O contrato posterior será de toda a corporación ,pero figura un 4% de apoio para os traballos tecnicos,o faremos unha vez concedido.

O SR. COSTAS VILA, por suposto comprendín que serán na comisión informativa pero é certo que 1º sería presentar as liñas extratexicas nas que nos ahí non participamos. E un voto de confianza se vai esgotando.

O SR. GONZALEZ CARRERA, as súas aclaracións dixeron o que pon o texto. A Sra. Garrote dixo que é o que marca a propia orde.

28% dixo non se pode ia a mais cando logo dixo que se podía ir ao 35, entramos á orde e o miramos.

Dende o 17 de novembro non se enterou, falou de 2 equipos distintos, entendín que só era un.

Todo o mundo sabía da orde, pero vostedes poderon plantexalo aos grupos. Recoñeza os erros.

Non se poden facer as cousas con premura, deben falar con nos antes.

Wen concello, sau primeiro unha enquisa, sen saber para o que é.

Cando lle preguntei o do informe do interventor, tamén podía ter vido hoxe.

E para o beneficio do pobo, que haxa sorte para todos.

A SRA. GARROTE REPRESAS, as porcentaxes veñen marcadas é certo de que cando falamos de habitat saudables, teñen que ser porcentaxes para obxectivos (falamos de liñas de economía baixa en carbono, e de protección de medio ambiente). As liñas veñen marcadas no propio documento.

É ademais a Comunidade Europea agora exige participación, que antes non existía, as liñas veñen marcadas no propio documento. O que se pretende e aplicar os seguimentos dos cartos.

O SR. GONZALEZ SOLLA, non nos sirven as suas desculpas, ninguneounos aos grupos.

Si o documento ten que incluír un listado dos consultados, terá que constar que se incluíron nese plan extratético.

Sí está claro, que esto se pode levar a cabo grazas ao traballo feito polo PP, e por estar ao corrente de pago grazas ao plan de axuste.

A comisión de seguimento, enriquecerá .

Pido copia completa e dos anexos.

Absterémonos.



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

O SR. ALCALDE, ao día seguinte a todos se lles fará chegar.
A ptoposta xa di comisión de seguimento.

VOTACIÓN Á PROPOSTA.-14 VOTOS a favor (5 BNG, 4 PSOE, 1 A Riada do Tea, 3 ACIP, 1 EU), e 6 abstencións do PP.

Na sua consecuencia, a Corporación Municipal acorda, aprobar a proposta do teor:

“O Boletín Oficial do Estado do 17 de novembro publicou a Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aprobaron as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020.

Esta primeira convocatoria, do 70%, do total da axuda FEDER destinada ao eixo urbano dentro do POCS: 730,9 millóns de euros de axuda para todo o Estado, en Galicia 118,7 millóns de euros, para as cidades de máis de 20.000 habitantes. O prazo para a presentación de solicitudes, exclusivamente por vía electrónica, finaliza ó 13 de xaneiro de 2016.

Esta convocatoria é unha oportunidade para Ponteareas no obxectivo de lograr unha cidade saudable, sustentable e inclusiva para toda a cidadanía no horizonte do 2022. Para logralo articularanse actuacións en base a obxectivos, económicos, ambientais, e sociais. Entre outras, poranse en marcha medidas de fomento do emprego, modernizar a administración, mellorar o acceso ás novas tecnoloxías da información, mellorar a eficiencia enerxética, crear programas de promoción da paisaxe cultural e do patrimonio inmaterial e favorecer a inclusión dos colectivos menos favorecidos.

A proposta a presentar suma un orzamento total a executar ata o 2022 de 6.250.000 euros, dos que se solicita axuda FEDER de 5.000.000, o máximo ao que pode optarse, comprometéndose o Concello a aportar 1.250.000 euros no período 2016-2022, segundo o calendario plurianual de execución que se contempla no proxecto

A EDUSI de Ponteareas está articulada en torno aos seguintes obxectivos temáticos

- OT2. TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN
- OT4. ECONOMÍA BAIXA EN CARBONO
- OT6. PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE
- OT9. INCLUSIÓN SOCIAL E REDUCCIÓN DA POBREZA

Polo anteriormente exposto, propomos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

1.-Aprobar a Estrategia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI) de Ponteareas encomendando á Xunta de Goberno Local a aprobación dos documentos da referida EDUSI de Ponteareas, en base as liñas de actuacións previstas no documento da EDUSI que se acompaña.

2.-Solicitar as axudas FEDER no período 2014-2020, con cargo ao POCS (Programa Operativo de Crecemento Sostible), para a implementación da referida estratexia, encomendando á Xunta de Goberno Local a aprobación dos documentos da Estratexia EDUSI de Ponteareas precisos e a presentación da solicitude das axudas FEDER citadas.

3.-Crear unha Comisión Especial de seguimento da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado (EDUSI) de Ponteareas. A Comisión terá a mesma composición que a do resto de Comisións Informativas, debendo cada Grupo Municipal designar aos seus representantes na mesma.

4.-Comprometerse a que, no caso de que sexan concedidas as axudas FEDER no período 2014-2020, habilítase o crédito suficiente para financiar as operacións que se selección dentro do Plan de Implementación da EDUSI, cos seguintes importes máximos e a seguinte distribución:

- *Aportación concello: 1.250.000 €*
- *Axuda FEDER: 5.000.000 €*
- *Total gasto elixible: 6.250.000 €”.-*

Sendo as 10,30 horas polo Sr. Alcalde dase por rematada a sesión do que eu, Secretaria accidental, dou fe.-



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)